

BORRADOR ACTA REUNIÓN CONSELLO EM 17/06/2017

Sendo as 11:30 horas do día 17 de xuño de 2017, reúnese o Consello das Mareas para tratar a seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta do Consello do 29 de abril de 2017.
2. Informe da Comisión de Garantías. Altas e baixas no consello.
3. Informe do traballo realizado pola Coordinadora.
4. Aprobación dos Regulamentos do Consello e da Coordinadora.
5. Análise da proposta da Coordinadora da RPT.
6. Aprobación da orde do día do Plenario.
7. Documentos políticos e organizativos do plenario*.
8. Rexistro da marca En Marea.
9. Suxestións e preguntas.

Asistentes: Pablo Alonso, Elena Cores Leiro, Alfonso Diz Diéguez, Rafael Dopico Carballeira, Vitoria Esteban Riesco, Adrián Fuenteseca Fernández, Mario López Rico, Jorge Lorenzo Vila, Iris Malvido Lago, Iago Martínez Durán, Consuelo Martínez García, Carlos Meixome Quinteiro, Oriana Méndez Fuentes, Javier F. Octavio de Toledo Delgado, Noemí Prados Ansende, Paula Rodríguez Domínguez, Francisca Rodríguez Rodríguez, Gonzalo Rodríguez Rodríguez, Ana M^a Seijas Baranauskas, Xurxo Triñanes Hermo, Paula Vázquez Verao, Sonia Vidal Lamas e Luís Villares Naveira. Borja San Ramón Tizón participa por skype.

Vitoria informa das peticións de modificación da orde do día que son incorporadas á mesma.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta do Consello do 29 de

abril de 2017.

Apróbase a acta.

Acórdase publicar o borrador da acta nun prazo máximo de 2 días hábiles dende a celebración do Consello. Unha vez publicada, abrirase un prazo de 2 días hábiles para a presentación de alegacións á mesma.

2. Informe da Comisión de Garantías. Altas e baixas no consello.

Informe da Comisión de Garantías. Enviada a acta pola que se acepta a reclamación de QP o que obriga a modificar a constitución do consello, caendo o número 21 de MA e entrando o número 6 de QP. En consecuencia convocouse a Carlos Meixome Quinteiro e notificóuselle a súa baixa a Ares Jiménez Soria.

Borja solicita o Regulamento da Comisión de Garantías. Infórmase que a CG é autónoma e debe redactar o seu propio regulamento. Solicitaráselle que informen do procedemento que seguiron para a resolución da reclamación de QP e trasladen o seu Regulamento de funcionamento para o seu coñecemento polo Consello. Falarase coa CG para contestar a Adrián no prazo dunha semana.

Infórmase que procedeuse á substitución no Consello da baixa de Modesto Renda por Jorge Lorenzo.

3. Informe do traballo realizado pola Coordinadora.

- Renovación da Directiva Provisional por dimisión de Marilar. Nos Estatutos de EM figuran Gonzalo Rodríguez, Fernando Balsa e Marilar. Proponse que só 3 persoas teñan sinatura en nome e representación de EM e que sexa sempre necesario a sinatura de dúas delas.
- Informa Vitoria do traballo realizado pola Coordinadora dende o 2 de abril que tomou posesión.
- A Coordinadora informa da contratación urxente e eventual dunha persoa para a preparación do Plenario e a súa celebración.
- Dación de contas da Coordinadora nas principais vilas. Iago Martínez e

Rafa Dopico propoñen votar se a Coordinadora debe enviar o calendario, metodoloxía, contidos e criterios para celebrar as mesmas para a súa aprobación no próximo Consello. A Coordinadora acepta sempre que non se paralicen os actos ata despois do próximo Consello xa que considera que é unha obriga estatutaria.

Tras o debate, sométense a votación 3 propostas:

1. A Coordinadora trasladará calendario, metodoloxía, contidos e criterios para celebrar as mesmas, para o seu coñecemento e ratificación no próximo Consello

A favor: 19

En contra: 0

Abstención: 3

2. Ratificación da postestade da Coordinadora para celebrar encontros coa cidadanía

A favor: 16

En contra: 7. A petición de Xurxo, recóllense os nomes dos mesmos: Paula Rodríguez, Oriana Méndez, Rafael Dopico, Adrián Fuenteseca, Noemí Prados e Borja Sanramón.

Abstención: 1. Javier Octavio

3. A Coordinadora debe seguir a celebrar os encontros de dación de contas tal e como se están a celebrar

A favor: 16

En contra: 8. A petición de Xurxo, recóllense os nomes dos mesmos: Paula Rodríguez, Oriana Méndez, Rafael Dopico, Adrián Fuenteseca, Noemí Prados, Borja Sanramón e Javier Octavio.

Abstención: 0

Iago Martínez fai constar: *“O Consello das Mareas aprobou hoxe por ampla maioría pedirlle á Coordinadora que elabore e traslade por escrito unha proposta de calendario, contidos, metodoloxía e criterios para o desenvolvemento dos seus actos de “rendemento de contas” e que esta*

proposta sexa debatida e votada no próximo Consello. Resulta contradictorio que ao mesmo tempo se aprobe continuar cunha rolda de actos que non foi nin informada nin acordada previamente no Consello e sobre cuxos contidos, metodoloxía, calendario e criterios carecemos da máis mínima información, como vén sendo por desgraza habitual".

Xurxo Triñanes fai constar: *"A falla de desenrolo regulamentario dunha norma nunca pode ser obstáculo para o seu cumprimento namentres sexa posible. Moito menos como para impedir aquelas accións encamiñadas a dito cumprimento salvo que estas estean expresamente prohibidas nalgunha outra norma, que non é o caso. (Isto que parece obvio, ten ademais o seu reflexo legal na xurisprudencia existente: non podemos escudarnos na falla de regulamentación se iso implica non cumprir unha norma vixente. Polo tanto, que posteriormente se estableza un protocolo para a programación ou metodoloxía dos actos de rendición de contas, de ningún xeito debe ser escusa para bloquear a realización dos mesmos e cumprir así cos documentos estatutarios ata o momento no que se aprobe dito protocolo.*

Por outra banda, sinalar que poño en dúbida que sexa o consello o que teña a obriga de elaborar en todo caso dito protocolo, posto que unha das atribucións de calquera órgano executivo (a coordinadora segundo os estatutos é un órgano executivo) en xeral, é a de poder propoñer a metodoloxía e ferramentas que van a utilizar no cumprimento das obrigas que teñen encomendadas, sen menoscabo de que ese protocolo deba ser ratificado e/ou emendado posteriormente polo consello. Ademais o regulamento prevé que a comisión coordinadora poida tomar decisións de xeito inicial, se así o estima oportuno, aínda que estas "teñan que ser ratificadas na seguinte reunión do consello ou, no seu caso, do plenario".

- Sobre á represión exercida na manifestación da Escarnio e Maldicir, acórdase atender a reclamación da Marea de Vigo e facer público un posicionamento de EM condenando a represión.
- Acórdase enviar ao Consello as actas da Coordinadora despois de tres días de ser aprobada pola mesma.

- Indulto Carlos e Serafín. Acórdase por unanimidade o apoio de EM, tanto nas mobilizacións como na acción parlamentaria e presentar ao Plenario unha resolución apoiando o indulto.

Iris debe marchar pero manifesta o seu voto a favor dos documentos remitidos pola Coordinadora ao Consello para a súa inclusión na orde do día do Plenario, así como propón reclamar unha explicación sobre o informe ao Consello de Contas en castelán.

4. Aprobación dos Regulamentos do Consello e da Coordinadora.

- Regulamento da Coordinadora.

Apróbase o Regulamento da Coordinadora para o seu traslado ao Plenario con 16 votos a favor, 0 en contra e 0 abstención.

- Regulamento do Consello.

- Presentouse unha emenda reclamando que as xuntanzas do Consello sexan mensuais, agás os meses de Plenario. Apróbase con 11 votos a favor, 0 en contra e 4 abstencións.

Apróbase o Regulamento do Consello para o seu traslado ao Plenario con 16 votos a favor, 0 en contra e 0 abstención.

Iago fai constar que non participa na votación por considerar que os Regulamentos debe envialos a Coordinadora directamente ao Plenario como proposta da mesma.

Ambos os dous Regulamentos serán trasladados para o seu debate e votación polo Plenario.

5. Análise da proposta da Coordinadora da RPT.

Infórmase da urxencia de formar un cadro de persoal para dar resposta ás necesidades de EM, así como a proposta do mesmo: 1 director/a de comunicación a tempo completo, 1 responsable de estratexia e contidos a tempo parcial, persoal administrativo e de apoio loxístico (ata agora realizado Antonio, polo que se solicita a súa prórroga), 1 informática/o para a xestión das

redes, 1 xestor de apoio ás iniciativas locais e persoal xurídico de apoio a EM. Proponse que na Comisión de Selección inclúanse 3 persoas inscritas que non pertencen ao Consello das Mareas escollidas ao azar. Apróbase por unanimidade.

Última contratación realizada polo GP. Adrián solicita que sexa ratificada polo Consello. Apróbase con 17 votos a favor, 0 en contra e 4 abstencións.

6. Aprobación da orde do día do Plenario.

Apróbase a proposta de orde do día do Plenario feita pola Comisión do Plenario por unanimidade.

7. Documentos políticos e organizativos do plenario.

Tal como se falou na Comisión de Organización do plenario, acórdase enviar a esta todos os documentos aportados e coñecidos neste Consello, para que proceda á súa consolidación como documentos base para seren debatidos e aprobados, se procede, no vindeiro Consello do día 30 para a súa remisión ás inscritas. As/Os membros do Consello que o desexen poderán facer achegas a eses documentos consolidados pola Comisión do Plenario.

Enviaranse os documentos redactados pola comisión do plenario como máximo 72 horas antes do próximo Consello a celebrar sobre o 30 de xuño e pasar as emendas e achegas á Comisión do Plenario para a súa incorporación á documentación.

Os documentos e achegas enviaranse para ser tratados conforme ao seguinte esquema:

I. Bloque político.

1. En Marea como alternativa política das maiorías sociais de Galicia.

Estruturado como mínimo nos seguintes puntos:

- Breve análise da evolución do espazo político
- Posición política de En Marea no escenario político actual.
- Relacións políticas de EM no conxunto do Estado.

2. Feminismos. Maternidade subrogada ou ventre de alugueiro?
3. Economía. Posición de EM sobre financiamento autonómico.
4. Aliñamentos de traballo prioritario para o segundo semestre:
 - 4.1. Estratexia económica e social fronte o devalo demográfico.
 - 4.2. Estratexia de infraestruturas para Galicia.

II. Bloque orgánico.

5. Bases da relación dentro do espazo político de confluencia entre as mareas municipalistas e con En Marea.
6. Regulación básica de funcionamento das mareas sectoriais de En Marea.
7. Carta financeira.

Aprobado por unanimidade.

8. Rexistro da marca En Marea.

Pendente para próximo Consello.

9. Suxestións e preguntas.

Non se formulan.